



Revista informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Novembro 2007



**ESCOLAS ABERTAS/ E.O. VILAGARCÍA DE AROUSA V
O DETERIORO DO MEDIO AMBIENTE.
ESTAMOS A TEMPO?**

**APUNTAMENTOS/ JOSÉ MARÍA LEAL BÓVEDA
POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO
MOLINAR. O CASO GALEGO**

Editorial

O deterioro patrimonial: o feísmo

Tribuna

Conta con *Elas*, dous anos pola igualdade

Escolas abertas

O deterioro do medio ambiente. Estamos a tempo?

O labor do educador ambiental e as súas saídas profesionais

A arquitectura dos muiños de Pozo Negro - Rebordelo

Obraquedobra

Coloquio co alumnado traballador do OE "Vila de Corpus" de Ponteareas sobre recuperación de patrimonio

Charla con alumnas traballadoras do OE "Fonte Gaiteira" de Catoira sobre desenvolvemento sostible

Apuntamentos

Posta en valor do patrimonio molinar. O caso galego

A importancia da ordenación do territorio

landra

Revista informativa

Edita:

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección:

Zara Pousa Arbones

Equipo editorial:

Rosa Aguado López
Begoña Álvarez González
Natalia Díaz Martínez
Carmen Domínguez Paz
Blanca González de la Cuesta
Julio López Walliser
Silvana Martínez Rodríguez
Angeles Romero Bello
Xulio Troitiño Dapena

Colaboran neste número:

Alumnado e equipo directivo / docente da EO "Vilagarcía de Arousa V"
Alumnado e equipo directivo / docente do OE "Vila de Corpus" de Ponteareas
Alumnado e equipo directivo / docente do OE "Fonte Gaiteira" de Catoira
Ana García Barrio
Flor Medina Gil
Alfonso Fernández Portas
José María Leal Bóveda

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Vía da Hispanidade, 17. 36203 Vigo

Teléfono: 986 423366
Fax: 986 4714 44

e-mail: updvido@maiv.org
web: www.maiv.org/upd

Depósito legal: VG-129-2001

Imprime: Tórculo

Landra é unha publicación que respecta a liberdade de expresión. A UPD non comparte necesariamente a opinión das persoas colaboradoras

O deterioro patrimonial: o feísmo

Xa hai tempo que se está a falar do "feísmo" coma un problema endémico da sociedade galega, case que identificativo da actual situación do medio rural en Galicia.

O enfoque habitual deste asunto ten un punto de simpleza e en certo modo de compracencia, no que se pasou da anécdota graciosa do hórreo con uralita aos que acabaron sendo tópicos habituais en canto ao deterioro do hábitat e cultura tradicionais.

A caricaturización de certas figuras facilmente identificables, coma a do emigrante retornado, o binomio alcalde-construtor, o paisano con complexos..., pretenderon dar unha resposta sinxela a esa cuestión permanente que se formula cada dous por tres no noso territorio, aquela que di, pero isto que vén sendo?

O feísmo na súa dimensión real

Loxicamente, esas respostas ocultan a meirande parte da realidade do asunto. Unha realidade social, económica e cultural cunha escala moi superior ás desas casas "tan feas". O certo é que a velocidade dos tempos que corren non é sempre a mesma, e nos últimos 30 anos as cousas en Galicia ocorreron máis ben rápido e aínda andamos a voltas co que pasou en realidade. De tal xeito, a dinámica da poboación é ben diferente á que se daba por sentada ata hai ben pouco.

Na lectura do actual territorio galego si que cabe a simplificación dunha cousa: a franxa costeira, o arco atlántico, que pasou a constituír o epicentro poboacional do que

A franxa costeira
constitúe hoxe o
epicentro
poboacional do
que no seu día
fora un territorio
cun marcado
carácter rural e
difuso

no seu día fora un territorio cun marcado carácter rural e difuso; as urbes, en continuo e descontrolado crecemento, constitúen o polo de atracción dunha migración interna que vén deixando baleiros pobos e aldeas do interior, condenados ao envellecemento e, no extremo, á desaparición.

E é que a sociedade galega converteuse nunha sociedade basicamente urbana, onde as áreas metropolitanas

concentran a maior porcentaxe de poboación e onde eses núcleos próximos ás urbes constitúen agora as verdadeiras periferias.

Non semella que estivésemos preparados para asumir este proceso, consecuencia dun modelo globalizado no que as transformacións sociais non son quen de asimilar a velocidade dos cambios. E nin sequera o planeamento urbanístico, naqueles casos nos que se lle brindou a oportunidade, foi capaz de asimilar e plasmar no territorio estes procesos.

As Neves (2007)



Editorial

A poética da contradición e dos extremos, ese "feísmo" co que certa prensa e certos poderes públicos pasaron dun modo indolente por riba dunha problemática de límites tan difusos, constitúe en realidade a mostra de que os procesos socio-económicos seguen a ir un paso por diante da capacidade de resposta dos nosos dirixentes.

O feísmo rural e urbano

Non se trata, polo tanto dun debate estético, ou non só diso, xa que daquela estaría-se a limitar o problema a cuestións meramente formais, algo que en certo modo eximía de responsabilidade a algúns estamentos políticos e sociais con relación directa neste campo.

Mais en calquera caso, o que é ben certo é que non se trata dun debate exclusivo sobre a desidia, a incultura e a pobreza que se lle quixeron endosar ao medio rural, xa que nin o máis delirante dos despropósitos que atopemos nel é tan dificilmente dixerible coma o "feísmo" de que están cheas as nosas cidades: as medianeiras interminables, o desconcerto estético, a planificación e a construción sometidas de forma inevitable aos máis ávidos intereses económicos. Os recheos, tan necesarios sempre, os paseos

Non se trata dun debate exclusivo sobre a desidia, a incultura e a pobreza que se lle quixeron endosar ao medio rural

marítimos, os centros comerciais, as infraestruturas, cos seus viadutos e montes acoitellados, os parques eólicos... porque todo iso ten unha escala que fai pequena calquera fábrica de ladrillo sen revestir, ou baixo sen pechar, todo iso tan cheo de "feísmo" e que tanto mal nos fai cando collemos o coche para ir a dar unha volta pola Galicia fóra da autovía.

O papel do individuo e das administracións

Mais, cal é o reto para a cidadanía e para as administracións públicas, en canto a actual situación do territorio? Seica non merece ser chamado patrimonio ao conxunto do territorio, coma o maior expoñente cultural dunha sociedade?

Son contados os indicios dun cambio de actitude en canto á valoración do territorio, porque se ben resulta doado atopar a xustificación do que se ten que coñecer e protexer, daquel contorno inmediato que constitúe o marco físico da nosa vida cotiá, é a confrontación cos parámetros económicos e sociais a que define a validez das solucións propostas.

Semella que é o momento de asumir o papel que cada un poida desempeñar neste asunto, deixando ao lado o conformismo, e asumindo que o punto no que nos atopamos non é senón unha transición cara a unha nova forma de ocupación do espazo habitado, que non por descoñecida debe ser descontrolada.

Editorial

Lalín (2005)





Allariz (2007)

A planificación urbana non pode limitarse ao trazado da trama e a asignación de densidades, xa que debe ter o respaldo dunha visión global das previsións económicas, sociais e poboacionais, e debe formar parte dunha estratexia conxunta de definición territorial.

De nada serven os proxectos de conservación ou rehabilitación de muíños, pazos, mosteiros ou vivendas tradicionais, se tras

O feísmo non foi senón aquel fenómeno que axudou a darnos conta do que aínda quedaba por perder, que foi capaz de achegarnos á necesidade dunha visión patrimonial do territorio

elas non atopamos un sentido máis alá da excursión rural da mañá do domingo ou a fin de semana nun deses contornos "con encanto". A lamentable interpretación do pasado coma a idealización dunha paisaxe non fará senón xerar unha farsa máis propia dos parques temáticos que dun territorio habitado, coa consecuencia dun turismo depredador e devastador para a poboación.

É necesario favorecer as condicións que conduzan a unha aproximación do medio rural a parámetros de benestar e nivel de vida similares (que non necesariamente iguais) aos que se poidan atopar en calquera das nosas cidades, para que dende a figura dos seus habitantes a desigualdade territorial poida comezar a equilibrarse. Tan só mediante innovacións na actividade económica e na organización social, mediante unha xestión eficaz dende á administración, mediante a acción concienciada dos axentes que interveñen na construción física do noso hábitat e perante unha acción educativa profunda que inculque á cidadanía a necesidade da dignidade no modo de habitar.

Poderase entender que o feísmo non foi senón aquel fenómeno que axudou a darnos conta de todo o que aínda quedaba por perder, que foi capaz de achegarnos á necesidade dunha visión patrimonial do territorio.

Editorial

Conta con Elas, dous anos pola igualdade

Ana García Barrio

Xerenta do proxecto "Conta con Elas"
A. D. Área Metropolitana de Vigo

Tribuna

O proxecto Conta Con Elas, que cunha duración de dous anos remata agora en decembro de 2007, foi promovido pola Asociación de Desenvolvemento Área Metropolitana de Vigo co obxectivo de sensibilizar á sociedade e ao empresariado en particular para diminuír a segregación laboral das mulleres.

Ao longo destes dous anos, desenvolvéronse accións no territorio sobre os ámbitos social e educativo, sobre o institucional, sobre o empresarial-laboral e directamente sobre mulleres desempregadas formadas en profesións con escasa presenza feminina. Tamén actuouse sobre mulleres empregadas para a súa promoción dentro da empresa.

Con relación á intervención directa sobre mulleres desempregadas e formadas en profesións con escasa presenza feminina, desenvolvéronse unha serie de actuacións

O 29% das 179 mulleres que participaron no proxecto inseríronse por conta propia, creáronse 14 empresas e 34 mulleres xa traballan por conta propia

Bus da Igualdade



que acadaron os seguintes resultados:

■ No marco da acción "Reafirma", que procuraba a inserción de mulleres desempregadas en sectores e ocupacións tradicionalmente masculinos, 292 mulleres participaron en itinerarios parciais para a reafirmación do seu obxectivo profesional, acadándose unha inserción de 190 mulleres (65%)

■ A acción "Reemprende", que pretendía impulsar a creación de empresas promovidas por mulleres, conseguiu que o 29% das 179 mulleres que participaron no proxecto se inseriran por conta propia. 14 empresas foron creadas (3 de economía social e 11 empresarias individuais S.L) e 34 mulleres comezaron a traballar por conta propia.

*Cubo "Planeta da
Igualdade" no Verbum*

■ Concedéronse 5 axudas económicas a empresas para a realización de plans individualizados de formación a medida, destinados a mulleres traballadoras, para impulsar a súa promoción profesional como medida para paliar a segregación vertical no emprego.

■ Dentro da iniciativa "Emprende - Innova" e "Reemprende" concedéronse 15 axudas económicas para a elaboración de proxectos empresariais de mulleres en sectores con escasa presenza feminina en postos directivos ou como empresarias.

■ No marco da acción "Reemprende-Medioambiente", convocáronse 18 becas coa fin de profesionalizar a mulleres en postos de traballo nos que o sexo feminino estea subrepresentado dentro do sector medioambiental.

■ Creáronse 6 Bancos de Tempo na cidade de Vigo (cinco en colaboración coa Federación A.V. Eduardo Chao e un en colaboración co Centro Cultural Valadares) co obxectivo de promover a cooperación comunitaria como mecanismo para favorecer a conciliación da vida profesional, laboral e persoal.

Con respecto as accións desenvolvidas no marco do territorio que abarca a Mancomunidade de Vigo, realizáronse diversas actividades de sensibilización e formación que procuraron promover a igualdade de oportunidades para a muller no eido empresarial e na sociedade en xeral:

■ Púxose en marcha un novo método de intervención para a atención ás persoas baseado en itinerarios parciais que faciliten, por un lado, diminuír a segregación laboral e por outro, complementar os recursos existentes na área de Vigo. Catro centros antena



puxéronse en funcionamento en Porriño, Redondela, Vigo e Gondomar para atención directa a persoas e catro centros sectoriais especializados en materia de igualdade de xénero nas sedes de CCOO, UXT e a CIG.

■ Realizouse un traballo de sensibilización entre 384 empresas da área de Vigo, acadando 12 compromisos asinados para desenvolver 12 diagnósticos de igualdade (previos a elaboración dos plans de igualdade). Así mesmo tramitáronse 128 ofertas de emprego para 150 postos de traballo ocupados por mulleres.

Creáronse 6
Bancos de
Tempo na cidade
de Vigo co
obxectivo de
promover a
cooperación
comunitaria para
favorecer a
conciliación da
vida profesional,
laboral e persoal

Tribuna

Publicacións promovidas pola Mancomunidade de Vigo no marco do proxecto Conta con Elas

■ DVD "Conta con Elas". Experiencias pola igualdade

DVD no que as mulleres relatan a súas experiencias en sectores masculinizados

■ Medidas de Igualdade para as empresas-MIDE. O inicio dun plan de igualdade

Soporte para axudar á implantación de futuros plans de igualdade nas empresas

■ Análise de Xénero na Negociación colectiva do Metal e da Construcción nas empresas da Mancomunidade

Boas prácticas na igualdade de oportunidades nos convenios colectivos

■ Mainstreaming institucional e de Xénero nos concellos da Mancomunidade de Vigo

Publicación que valora o grao de transversalidade das políticas de igualdade nos concellos da Mancomunidade

■ Unidade didáctica da exposición "Imaxina e comparte mais"

Conceptos de igualdade a través de imaxes, cores e textos

■ Unidade didáctica do obradoiro "Cambiando os guións. Eu tamén quero ser"

A unidade pretende a diversificación profesional no ámbito escolar a través da reflexión sobre o aprendizaxe de papeis asignados a mulleres e homes

■ Competencias para o emprego dende a perspectiva de xénero

Soporte didáctico para o desenvolvemento de accións de orientación/formación para favorecer a inserción laboral das mulleres en profesións masculinizadas e avanzar na diversificación do mercado laboral

■ Conto da Carapuchiña vermella

Conto qo que se procura amosar a posibilidade de que as personaxes femininas teñan un papel mais activo nos relatos

■ Conto Imaxina e comparte mais

O conto pretende sensibilizar sobre a corresponsabilidade a través de imaxes, cores e textos

■ Calendario 2008: imaxina e comparte máis

Este calendario baséase na exposición sobre corresponsabilidade: Imaxina e comparte máis

■ Educar en igualdade. Claves para o profesorado

Guía para traballar a Igualdade de xeito transversal nas aulas

■ Guía de sensibilización relativa á igualdade de oportunidades

Guía realizada polo Grupo de traballo 1 transnacional

■ Diagnóstico de igualdade de oportunidades nas empresas

Decálogo de recomendacións para o emprego en igualdade. Produto final elaborado polo Grupo de traballo 2 do proxecto transnacional

■ Guía metodolóxica de formación e inserción das mulleres na construción

Guía elaborada como produto final do traballo transnacional do Grupo 3 ao redor da situación laboral da muller no sector da construción



Exposición "imaxina e
comparte máis"

igualdade de oportunidades.

■ Puxéronse en marcha unha serie de recursos dirixidos ás mulleres emprendedoras: convocáronse 15 axudas dirixidas ás emprendedoras por un importe de 4.000 euros/axuda, impartíuse formación on-line dirixida ás mulleres emprendedoras e puxéronse en funcionamento o EME-Espazo para a muller emprendedora, así como o viveiro destinado a 7 empresas de mulleres de calquera concello da MAIV.

■ Combateuse a discriminación laboral actuando directamente sobre os ámbitos socioeducativo, institucional e empresarial-laboral. Para iso realizáronse actuacións directas co profesorado a través de xornadas e cursos. Colaborouse coas empresas na xestión de axudas económicas e na elaboración de plans de igualdade. Asemade, o empresariado recibiu asesoramento e sensibilización en materia de xénero. Tamén desenvóléronse accións dirixidas á sociedade en xeral a través da presenza do *Bus da Igualdade* e das actividades do "Mes da Igualdade" nos 12 concellos da Mancomunidade. Leváronse a cabo actividades de formación on-line e presencial en materia de xénero. A exposición permanente "O planeta da igualdade", no museo Verbum-Casa das Palabras, tratou de achegar a cidadanía o ideario do proxecto.

■ Tratouse de cambiar a percepción social sobre os tipos e postos de traballo que as mulleres poden desempeñar no mercado de traballo con campañas en radio, televisión local e prensa, a presenza en feiras sectoriais e o deseño de materiais específicos que foron dirixidos á sensibilización en

Un dos produtos máis visibles é o DVD "Conta con elas. Experiencias pola igualdade" onde 15 mulleres mostran a súa experiencia laboral en sectores tradicionalmente masculinos como asteleiros, construción, metal, electrónica, cantería etc..

Tribuna

DVD "Conta con Elas".
Experiencias pola
Igualdade



Publicacións promovidas por outras entidades da A.D. Área Metropolitana de Vigo no marco do proxecto Conta con Elas

- Materiais didácticos: cineforum+xogo interactivo "A igualdade non é un xogo" (Deputación de Pontevedra)
- O reto da igualdade. Feminismo, Xénero e Universidade (Universidade de Vigo)
- Guía para o desenvolvemento da Lei 3/2007 na negociación colectiva (CIG)
- Construindo espazos de igualdade. Materiais formativos para axentes sindicais (CIG)
- Compartindo espazos educativos: introducción da perspectiva de xénero nas aulas (CIG)
- Guía de Igualdade de Oportunidades (UXT)
- Formación en Igualdade de Oportunidades para representantes sindicais (CCOO)

Navalia 2006

O Proxecto deixa activo Emprégate, un portal de emprego feminino para todas as mulleres da área metropolitana de Vigo. Como os demais portais de emprego, ten a posibilidade de que as persoas en busca de emprego introduzan o seu currículo e que as empresas publiquen ofertas. A dirección na rede é www.empregate.org

O Portal ten seccións dedicadas aos seguintes perfís: candidatas, mulleres en busca de emprego ou mellora laboral; emprendedoras, mulleres con perfil emprendedor, e empresas, ás que permite a publicación de ofertas de traballo e a posibilidade de buscar persoal.



A especificidade do portal, ademais do ámbito xeográfico, é que está exclusivamente dirixido ás mulleres como solicitantes de emprego, ven sexa como contratadas ou emprendedoras.

E xa por último Conta con Elas, deixa a disposición de profesionais de proxectos de emprego, persoal político, profesionais do ensino e da sociedade en xeral, unha ampla relación de publicacións, guías e produtos para que todas e todos traballemos en firme cara unha efectiva igualdade real en todos os ámbitos, entre homes e mulleres.

Todos as publicacións quedarán a disposición do público en xeral ao longo de 2008 na web do proxecto: www.contaconelas.org

Tribuna

Conta con Elas
deixa unha
ampla relación
de publicacións,
guías e produtos
para que todas e
todos traballemos
en firme cara
unha efectiva
igualdade real en
todos os ámbitos

O deterioro do medio ambiente. Estamos a tempo?

Dunha charla entre o monitor da especialidade de xardinería co seu alumnado traballador sobre o deterioro ambiental, o cambio climático e o traballo realizado ao longo de 18 meses no proxecto Escola Obradoiro "Vilagarcía de Arousa V", xurde o seguinte artigo.

Monitor: Xian Óscar Bello Neo. Alumnado: Diego Fernando Arias Marín, Mirian Conde Iglesias, Ana Cores Martínez, Jesica Gallego Duran, Raquel García Nogueira, Bibiana González Rodríguez, Rebeca Luque Astray, Verónica Miranda Piñeiro, Rocio del Pilar Oliveros Mascaroz, Patricia Rodríguez Abalo.

Hoxe en día a cidadanía sofre unha dependencia consumista motivada polo progreso industrial, pasamos do leite mercadado ao veciño aos tetrabricks do supermercado, que si ben son máis cómodos e hixiénicos tamén serven para acumular envases por millóns nos contedores do lixo. Cada galego xenera máis de media tonelada de lixo ao ano. Co que resulta difícil facer coincidir este dato coa protección do medio ambiente cando sabemos que unha gran parte do lixo non se recicla ou se recicla mal. Se miramos pola fiestra ¿que vemos? unha paisaxe verde con árbores e paxaros, tranquila e harmónica ou pola contra, tellados, cables, grúas, cemento, coches, rúidos...

En que maneira colaboramos neste contexto tan pouco natural ao coidado do medio ambiente? Sen deixar de lado o progreso debemos atopar a maneira de que convivan os avances tecnolóxicos coa natureza e un entorno san e limpo.

Ao longo deste ano e medio de traballo como alumnado traballador da Escola Obradoiro "Vilagarcía de Arousa V", executamos nunha serie de proxectos relacionados coa mellora medioambiental do noso entorno: saneando 22 exemplares centenarios de

Platanus Hispánica nunha praza céntrica da Vila, que estaban deteriorados polo tempo, pola contaminación e o abandono. Foron podados coas técnicas máis avanzadas e sometidos a un tratamento fitosanitario mellorando o seu aspecto xeral e prolongando a súa vida e acompañando a esta actuación, realizouse a mellora integral dos parterres que forman o xardín.

Ademais traballamos na creación dun parque na zona de "O Rial" no que se realizan actuacións de desbroce, limpeza, encespado, abonado, plantación, poda e saneamento xeral do mesmo.

*Escola Obradoiro
"Vilagarcía de Arousa V"*

Escolas abertas



Escolas alertas

A tarefa na que nos implicamos, moi especialmente foi a construción dun invernadoiro para a reprodución de diferentes especies entre elas e a raíz da vaga de lumes de fai un ano e sensibilizados polos efectos dos mesmos, producimos unhas 200 plantas de carballo *Quercus Robur* e carballo americano *Quercus rubra* con miras á repoboación forestal. Estas especies teñen a característica de que crean unha barreira ecolóxica fronte aos lumes, aumentando a humidade e reducindo a maleza baixo as súas polas. O "roble americano" tamén por ser unha especie frondosa que aínda que foránea se integrou perfectamente no noso país e porque polo seu rápido crecemento pode competir con outras especies de produción forestal sen danar o bosque como fai o eucalipto.

Outro suceso que nos puxo en alerta sobre os desastres naturais foron as inundacións sufridas o pasado inverno, consecuencia do lume, a excesiva urbanización e o cambio climático. Negocios, vivendas, coches, etc. no centro e arredores da Vila resultaron moi danados.

So hai que ver os informativos para constatar desastres en tódolos rincóns do planeta e agora empezamos a tomar conciencia de que non é algo pasaxeiro, que o cambio climático esta aí.

En vez de esperar as grandes medidas

Como podemos
aportar o noso
gran de area para
mellorar as cousas?

dos grandes Estados que nunca chegan, como podemos aportar o noso gran de area para melloralas cousas? Imos apostar pola reciclaxe:

■ Restos vexetais: en vez de queimalos triturámoslos e facemos compost que logo utilizamos como abono orgánico. Follas, plantas, céspede cortado, etc., acópanse nunha morea para que se descompoñan coa axuda dos microorganismos para logo reincorporalos ao solo sen contaminar.

■ Lixo: seleccionaremos, cartón, vidro, latas, plásticos para levalos aos contedores separativos. Xuntamos as pilas para levalas ós puntos de recollida.

■ Ordenadores: ¿onde podemos levar os que están en desuso na Escola?

■ Teléfonos móbiles: levádeos aos puntos de recollida para reciclar.

Outro xesto de reciclaxe levámolo a cabo utilizando a cuncha de berberecho que rexeitan as conserveiras coma base para a construción dunha zona duns 300 m. de sendeiro no parque "O Rial" evitando así o consumo de 50 m3 de formigón armado.

Invítamosvos non só a falar de Medio Ambiente e Desastres Naturais senón tamén a participar activamente con accións cercanas, fáciles e individuais que só necesitan da instauración dun habito que se transmite dentro da familia e no ámbito escolar dando lugar a unha sociedade concienciada dende a base que exerce unha presión escalonada sobre as Administracións cara a destinar cada vez máis recursos e chegar ao mesmo tempo a unha concienciación global de conservación do medio... Estamos a tempo?

Escola Obradoiro
"Vilagarcía de Arousa V"



O labor do educador ambiental e as súas saídas profesionais

Flor Medina Gil

Docente de Educación Ambiental do O.E. Vigozoo III

A pesar de ser un traballo menosprezado pola sociedade, o labor do educador ambiental é moi importante no mundo globalizado e consumista no que vivimos.

O educador ambiental é un profesional polifacético, con coñecementos acerca do medio e os seus problemas, pero tamén é un intérprete do patrimonio natural que temos a noso arredor, con coñecementos en psicopedagogía e técnicas de comunicación para chegar a todos os niveis de poboación e poder crear un cambio de actitude no público con respecto ao medio.

Todo isto debe facelo, a maioría das veces, nun breve período de tempo, xa que o educador ambiental adoita ter entre uns minutos e algunhas horas para traballar con cada persoa.

Isto é debido aos traballos aos que pode acceder un educador ambiental, que son entre outros:

- Guía-intérprete en Parques Naturais, Nacionais, zoolóxicos, etc.

- Atención ao público en centros de visitantes, aulas didácticas, etc.

- Monitor ou director de campamentos, granxas escola, etc.

- Deseño e desenvolvemento de campañas puntuais de sensibilización ambiental á poboación, axendas 21 locais, etc., para entidades públicas ou privadas.

- Animador sociocultural e xuvenil.

- Guía en actividades organizadas por aloxamentos de turismo rural.

- Traballo nas áreas de educación ambiental das administracións públicas.

- Deseño e planificación de itinerarios, cartelería, sinalización ambiental, fichas didácticas, talleres, exposicións e conferencias para concellos, centros escolares, asociacións, etc.

- Preparación e impartición de cursos de formación ambiental a diferentes colectivos.

Dende estes postos de traballo, o educador ambiental debe concienciar o público sobre a necesidade de adoptar actitudes en favor do medioambiente, como poden ser:

- O aforro enerxético e o uso das enerxías alternativas.

- A recollida selectiva e a reciclaxe de residuos.

- O aforro da auga.

- A conservación dos ecosistemas, e como consecuencia, dos animais e das plantas que viven neles.

- A conservación do patrimonio histórico e natural.

Todo isto debería facer reflexionar, tanto a empresas privadas coma a administracións públicas, sobre a importancia destes profesionais na nosa sociedade actual, e a necesidade de recoñecelos a súa valía, creando postos de traballo reais e soldos xustos, e non contratos puntuais para saír do paso ante un problema esporádico pagando soldos irrisorios.

Escolas abertas

A arquitectura dos muíños de *Pozo Negro - Rebordelo*

Alfonso Fernández Portas

Director do Obradoiro de Emprego "Cotobade"

Escolas alertas

O Obradoiro de Emprego de Cotobade iniciou a súa andadura o 29 de decembro de 2006, tendo prevista a súa finalización o 28 de decembro de 2007, atopándose nestes intreos na segunda e última fase.

O Obradoiro de Emprego está a rehabilitar tres muíños, chamados "Muíño das Presas", "Muíño da Costa" e "Muíño da banda", todos eles no lugar de "Pozo Negro", parroquia de Rebordelo-Cotobade (Pontevedra)

Hai que dicir que os dous últimos ("Muíño da Costa" e "Muíño da banda") son *muíños irmáns*, que é quizás a forma de agrupamento máis estendida e precisa tamén de fortes pendentes no terreo para poder establecerse.

A tipoloxía destes muíños é de "Canle descuberta" que é a tipoloxía máis abondosa e máis antiga entre os muíños galegos, e

atópanse ao longo de case todo tipo de canles, agás naqueles regueiros de moi escaso caudal estival. A auga, que o mesmo que no resto dos muíños se toma do río por unha ceña, corre case sempre nun primeiro momento por unha presa terrena que no seu derradeiro tramo pasa a ser canle de pedra sufrindo un progresivo estreitamento e precipitándose con gran pendente cara ao rodicio. Esta pendente proporcional á auga a forza suficiente para poñer en movemento o rodicio e con el todo o mecanismo e, tras impactar nas penas, o torrente cae sobre o chan do inferno polo que corre saíndo de novo ao exterior. O aparello de rotación está composto, por rodicios de penas radiais que poden ser de madeira ou ferro.

O sistema de parada máis empregado é a piadoira de vara, táboa que se interpón na caída da canle tras ser accionada por unha bufarda dende o interior do muíño.

O primeiro é de "Cubo", e dicir na entrada do muíño ten unhas pezas de perpiaño ou costeiros onde se xunta a auga e logo o muíño funciona polo peso da auga, esta tipoloxía está especialmente deseñada para o aproveitamento de canles de escaso caudal, debido ao seu mínimo consumo de auga durante a moenda, a forza que a auga precisa para pór en movemento o rodicio conséguese nestes muíños a base de presión creada nun depósito chamado cubo ou pozo.

O "Muíño das Presas" ten a súa propia canalización, e os *muíños irmáns*, unha mesma para os dous.

Muíño en "Pozo Negro"
(Cotobade)



Arquitectura dos muíños I: A técnica dos muros

A pedra é o material empregado en toda a construción agás na cuberta, excepción que, por outra parte mesmo non se dá nalgúns casos. No tocante aos muros os muíños non difiren moito do restos das edificacións igualmente de pedra por ofrecer unhas inmejorables condicións de durabilidade, resistencia e illamento, pero sobre todo pola súa abundancia. A pedra empregada é a obtida das canteiras da zona, variando só o tamaño e traballo desta dependendo do nivel socio-económico do construtor ou da antigüidade do muíño. Analizando este factor atopamos técnicas construtivas na elaboración dos muros, a partir da boa pedra de gran existente na comarca.

A cachotería

É a máis empregada nos muíños por ser a que ofrece un mellor resultado cun menor custo. Os cachotes son pedras irregulares que poden ser manipuladas sen demasiadas dificultades entre un ou dous homes asentándoos uns por riba doutras procurando o xeito en que mellor casen. Os muros de cachotes son duns 65 centímetros de gordor ou incluso máis nos laterais que acadan unha maior altura, e están formados na súa maioría por "agullas", é dicir, pedras que só quedan visibles por unha das súas caras. Na parte exterior do muro colócanse os cachotes máis grandes ou aqueles cunha maior superficie planta, mentres parte a parte, métense unhas pedras voluminosas denominadas "tranqueiros" que proporcionan estabilidade e cohesión. Os ocos que quedan entre os cachotes énchense cunha serie de fragmentos e cascallos denominados "rachas". Para eliminar as puntas e arestas saíntes, é frecuente que estes muros reciban unha picadela tanto exterior como interiormente para facer máis uniforme a súa superficie. Os cachotes son en xeral substituídos por pedras de maior tamaño ou máis traballadas en lugares críticos como as esquinas, os pinches, o terminados, as lumieiras e xambas dos vans, etc.

Os cementos

Todo tipo de muros, independentemente da súa técnica construtiva, precisan para o seu erguemento dunha base sólida, e a ser posible horizontal, que impida os asentamentos ou correntamentos da estrutura que a poderían facilmente desbaratar. Esta base conséguese nos máis dos casos abrindo unhas gaviás no terreo ata dar cun estrato o suficientemente compacto. As gaviás énchense logo de cachotes que reforzan as propias condicións do solo, opoñendo unha resistencia maior á propia carga dos muros: é a chamada cimentación ou alicerces do muíños. Por riba dos cachotes, xa case a rentes do chan, colócanse unhas laxes que conforman a "soleira", enriba da que xa se asentan as pedras dos muros. Ás veces non se fan gaviás senón que se abre unha gran fochanca na que se colocan cachotes arredor dun oco central, o inferno, sendo as súas paredes os únicos cementos do edificio.

Debido a que os muíños precisan un desnivel no terreo para a súa instalación, con frecuencia a cimentación faise a distintos niveis, para evitar escavacións innecesarias; por outra parte os alicerces non teñen por que ser moi voluminosos ao non acadar, polo regular, os muros destas construcións unha excesiva altura.

Os cementos desaparecen na súa totalidade ou en parte nos muíños situados na mesa ribeira dos ríos. A terra nestas zonas non ofrece a consistencia necesaria para edificar sobre ela, polo que para emprazar un muíño búscanse as penedías ou ribeiras rocosas que aparecen ao descuberto ou baixo un pequeno manto téreo, ao longo das canles.

A construción instálase sobre a mesma rocha, na maioría dos casos unha gran laxe de pouco inclinación que é a penas modificada facéndolle un risco horizontal que servirá de soleira para o mellor asentamento dos muros.

Esta agrupación de muíños están construídos en monte veciñal, e foron feitos polos veciños, polo que vulgarmente se coñece como "muíños de herdeiros", e os propietarios, tiñan dereito por unhas horas a usar o muíño. O "Muíño das Presas" segundo os aldeáns ten máis de 150 anos antigüidade e leva sen moer máis de 50, mentres que os outros dous, teñen uns 100 anos, e levan sen moer mais de 40 anos.

A totalidade dos que nacían como herdeiros eran construídos en terreo do común ou no mesmo resío dos ríos, que ofrecían

polo xeral moi boas condicións. O resío é unha franxa de terreo establecida nos ríos de certa envergadura nuns 2 ou 3 metros de ancho, contados dende o borde invernal da auga e nos que as únicas actividades permitidas eran o pastoreo e a recollida de madeira. Este terreo era propiedade dos concellos, polo que é de supoñer que os muíños que aquí se establecesen terían que pagar unha contribución. Os muíños levántanse coa idea de fundar un negocio ou ben coma un xeito de satisfacer unha necesidade ou mellorar as condicións de vida dunha comunidade.

Escolas abertas

Arquitectura dos muíños II: Elementos dos muros

O mainel.- É o saínte ou telladiño de pedra existente na lumieira ou lintel dalgunhas bufardas, xanelas e ventás, en especial as practicadas no muro da vertente da cuberta.

A súa función é a de impedir o filtrado dos surros que corren pola parede ao interior do terminado, función que tamén desempeña o beiril cando a xanela está suficientemente preto del.

O pousadoiro.- É unha pedra plana que se coloca horizontalmente, sobresaíndo do muro, a carón da parta de entrada á altura aproximada do lombo. A súa función é a de axudar a erguer ou baixar o saco ou fol, se é que se vai ao muíño e cando non hai preto un valo ou mesmo unha árbore cunha póla axeitada para este fin.

E de ter en conta que o fol é levado na cabeza por mulleres e había que baixalo para acceder aos muíños ou incluso para abrir o cerrillo da parta o que requería de non doados movementos.

O pousavigas.- Son as pedras que sobresaen das paredes por debaixo das trabes e que teñen por función proporcionarlle a estas máis superficie de apoio cá simplemente facilitada polos buracos nos muros, por veces moi escasos.

Os rompeaugas.- Característicos tamén dos muros dos muíños situados nas ribeiras especialmente castigadas polas enchentes, son os rompeaugas ou arestas de pedra que sobresaen do muro situado contra a corrente actuando como unha cuña que desvía a forza arrasadora das augas. Co mesmo fin atopamos muíños coas esquinas redondeadas ou con todo un lateral en semicírculo.

Algúns muíños levan no interior un enlucido de barros, ben en toda a superficie ou soamente nas xuntas das pedras(encintado), para acadar un mellor illamento do terminado. Pola contra, no exterior os muros permanecen en todos os casos constatados coa pedra á vista.

Os vans dos muros.- Son todos aqueles ocos e aberturas nos muros que permiten a entrada, iluminación, aireación, etc, do interior do terminado.

A porta.- É a principal e ás veces única abertura con que conta o muíño, situada frecuentemente no pinche ou nun dos laterais se a cuberta é a unha auga.

Tapando o oco está a porta de madeira, composta por varias táboas en vertical unidas entre si mediante outras atravesadas, nas que van cravadas as bisagras que xiran sobre os portóns de ferro incrustados no muro. A porta dos muíños conta con dous sistemas de peche, un interior e outro exterior. Para protexer principalmente ás mulleres da incursión non desexada de homes no muíño durante a noite, aporta é vedada dende dentro con dúas ou máis "trancas" que se dispoñen cruzadas introducindoas nuns rebaixes das xambas, onde quedan ficadas a base de golpes que se lle dan cunha pedra. O sistema de peche exterior con "cerrollo" suponse de recente implantación e sen embargo aparece estendidísimo en todo tipo de muíños tanto privados coma comunais.

O feito de que os muíños estean en lugares afastados ofrecía gran facilidade para que o gran fose roubado mentres se moía, polo que se facía obrigada a presenza dalguén agardando e gardando a moenda. Os cerrillos de chave viñeron supoñer un grande aforro de tempo, pois o muíño podía ser deixado a moer só coa porta pechada sen medo a que o cereal fose roubado.

A xanela.- Son as aberturas máis ou menos cadrangulares que teñen un mínimo de 20 centímetros. De lado. Aparecen case sempre por riba da boca do inferno e teñen como finalidade a ventilación e a iluminación do terminado, polo que adoitan situarse fronte ás pedras de moer. Estas xanelas raramente acadan a categoría de "ventás" pois este é un elemento ausente da práctica totalidade dos muíños, son só porque o cristal foi un avance nunca introducido aquí, senón porque as súas dimensións permitirían a entrada de ladróns e mesmo as xanelas, para evitar que isto aconteza, van na parede máis inaccesible e levan por veces un ou máis barrotes de ferro que impiden tamén a entrada de animais. O reducido tamaño dos ocos supostamente de iluminación crea, xunto coa propia natureza sombría dos lugares, unha notable escaseza de luz solar dentro do terminado. É por iso que á hora de recoller a fariña, a porta aberta convértese no máis importante foco de iluminación.

As bufardas.- Son unhas pequenas rañuras que se abren nos muros coa finalidade de permitir a ventilación do interior cando a construción non ten xanela. A necesidade dun bo aireamento faise especialmente patente no muíño, onde a acumulación de residuos de fariña xunto coa humidade poden cegar a crear unha atmosfera irrespirable. As bufardas poden ser horizontais, aínda que con máis frecuencia aparecen en vertical, formadas por catro pedras que en ocasións presentan un fermoso traballo en cantería, coa presenza incluso do mainel na soleira. Cumpren adóite unha dobre misión pois á parte da xa mencionada, moitas serven de oco de entrada ao terminado para as varas das piadoiras externas así como lugar dende o que se olla o río, cando é imposible facelo dende a xanela, á esperita das súpetas riadas que se poden producir durante as fortes chuvias, capaces de alagar o muíño. As bufardas raramente levan contra e só por veces no inverno son atoadas cun fachico de colmo para evitar a entrada de correntes de aire frío.

Pódese dicir que á hora de escoller o lugar de construción o que se procuraba é a levada de auga ao menor custo posible e non prexudicar coa construción aos muíños veciños, de xeito que a auga debía ser tomada e devolta ao río no menor espazo posible sen que ningún outro muíño quedara polo medio sen ela. Así mesmo, o nivel das augas retidas pola nova ceña non debía cegar nunca aos infernos situados nun nivel superior. Por lóxica o que primeiro debería facerse era a ceña e maila presa.

A maioría das persoas que traballaban

na construción non tiñan coñecementos específicos do tema, de feito que é moi probable que case ningún participase antes no levantamento dun muíño. O seu esforzo era requirido nos traballos máis duros pero que precisaban menos coñecementos: o carezco da pedra e maila construción dos muros e a ceña. Isto representaba toneladas de grandes pedras transportadas e asentadas no medio dun ancho río por métodos que custa imaxinar e que amosan a abraiante capacidade creadora dun pobo de carros con eixo xiratorio.

Arquitectura dos muíños III: A cuberta

É un elemento importantísimo dentro da arquitectura do muíño, pois debe manter o terminado perfectamente seco para recibir a fariña. Das súas características depende en gran medida o aspecto mesmo da edificación tanto interiormente como exteriormente. Os materiais de cubrición empregados non difiren normalmente dos utilizados no resto da arquitectura, así atopamos cubertas de tella, xisto e colmo distribuídas segundo a área xeográfica.

A tella.- A tella curva ou do país, é un elemento introducido en Galicia durante a romanización e que ao longo dos séculos foi desprazando ás tradicionais cubertas de colmo que parece eran as que dominaban no territorio. A tella reúne moitas vantaxes: lixeireza, fácil colocación e durabilidade, polo que se converteu, tamén nos muíños, no máis usado material para a cubrición. A tella mércase feita e a súa colocación é ben sinxela, tendo como única complicación estas cubertas ou tellados a elaboración da armazón sobre a que se debe asentarse a tella.

A armazón.- É sobre a que debe asentarse a tella, e esa é máis ou menos complicada dependendo do número de vertentes ou augas, que no caso do muíño, por se tratar dunha construción auxiliar, redúcese a maioría das veces a unha e máis raramente a dúas.

No primeiro caso a armazón componse dunha "trabe" que atravesa horizontalmente o terminado, pousando nun dos extremos sobre o muro da vertente das augas, con frecuencia a fachada do edificio, onde conflúe con outra inclinada que dende alí sobe ata o muro da contra-vertente. Esta "viga" inclinada serve de punto de apoio para outras dúas chamadas "tercios" que ademais de aquí pousan tamén nos muros laterais. Sustentados entre os tercios e os muros van os "cangos", unha serie de barrotes apenas separados entre si 40 centímetros. Finalmente cravadas a este vai todo un tecido de taboíñas chamadas "ripas" sobre as que asenta directamente a tella. Nas cubertas a dúas augas a diferenza reside na aparición do triángulo. Cando a distancia entre os pinches é importante aparece a "fixeira", que son dous madeiros cruzados que forman un triángulo sobre a trabe horizontal servindo de apoio para dúas vigas cumiais e dous pares de tercios. Aínda que estas dúas solucións presentadas na resolución da armazón son as máis usadas, as variantes dentro destas modalidades -unha ou dúas vertentes- son moitas.

Os penais.- En certos muíños a tella fóra da armazón monta tamén sobre os muros cubríndoo ata o borde, sen embargo esta é unha zona conflitiva pois as foliadas de vento levantan ou moven con facilidade estas tellas que acaban deixando filtrar a auga por entre os muros. Para facer fronte a estes problemas, aparece unha solución arquitectónica consistente en elevar todos os muros agás os da vertente un pouco por riba do tellado, colocándolle despois o "penal", que son unha lousa de pedra que sobra nuns centímetros das paredes do muro cubríndoo e resgardando a súa unión co tellado. Os penais poden ser bastos a base de laxes, cabalgando as superiores sobre as inferiores, ou pola contra poden ir perfectamente rematados en pezas de cantería amosando unha superficie uniforme.

O beiril.- É a solución dada para resolver o encontro, se cabe máis problemático, entre a cuberta e o muro da vertente. Algúns muíños carecen del, facendo que as tellas sobresaian un pouco por riba do muro de xeito que a auga vertida non escorregue pola parede. Na maioría dos casos, os beirís son unhas lousas bastas, apenas recortadas e colocadas por riba do muro sobresaíndo lixeiramente del. Tamén as hai de cantería e mesmo de madeira protexendo a porta cando infrecuentemente está aparece situada baixo a vertente.

Escolas abertas

Alumnado traballador
do OE "Vilaboa"

Escolas abertas

Arquitectura dos muíños IV: Elementos interiores

Divisións internas.- Son as separacións que actúan de barreira diferenciando cada unha das dependencias existentes no interior do muíño, podendo ser de dous tipos: horizontais e verticais.

As separacións horizontais dividen o inferno do terminado, conformando o teito do primeiro e o chan do segundo. Sobre estas divisións repousan as pedras de moer, polo que na maioría dos muíños esta zona sobre o inferno está cuberta por unhas lousas de pedras duns 30 centímetros de gordor, que van na súa parte superior perfectamente rematadas para crear un terminado uniforme e sen apenas fendas nas xuntas. Outras veces o pé pousa sobre dúas ou máis lousas, mentres que o resto do inferno vai cuberto por un entablada, solución esta pouco frecuente debido ao alto grao de humidade da cámara que provoca un rápido podrecemento das táboas. Aínda así aparecen algúns terminados totalmente pavimentados en madeira, repousando logo o pé sobre dúas grosas traves.

As divisións verticais pola súa parte son máis ben poucas dentro do muíño o mesmo inexistentes nalgúns debido ás súas reducidas dimensións ou por teren instalada unha caixa de fariña. Cando aparece, fano coa utilidade de separar o terminado do resto da planta, para impedir que a fariña se espalle, ou para delimitar cada terminado cando hai varias rodas, evitando que as fariñas de cada unha delas se mesturen. Estas divisións limitanse a maioría das veces a uns pequenos muretes de pezas graníticas convenientemente traballadas que non levan máis duns 70 centímetros. Do chan, ou tamén unhas separacións de táboas colocadas á mesma altura.

Outras separacións verticais que aparecen dentro do muíño, en especial os de grandes dimensións tanto en pedra como en madeira, son os que delimitan a lareira, a leñeira, un pequeno cuarto dormitorio do muíneiro, etc.

A lareira.- A luz é absolutamente necesaria dentro do muíño, moi en especial para a recollida da fariña agochada nos máis escuros recunchos. Durante o día a luminosidade requirida conséguese abrindo a porta mentres que pola noite recórrase ao farol ou ao candil. Pero estes dous aparellos son de incorporación relativamente recente ao noso agro e, mentres polo día é frecuente agardar pola moenda no exterior do muíño, a noite obriga á permanencia no interior onde é preciso un foco permanente de luz. Para aforrar combustible o farol só se usa en momentos determinados acendendo entón unha fogueiriña contra unha esquina, que ademais de luz proporcionará calor, tan de agradecer na inverno, e que permite elaborar certos alimentos. Para facer o lume emprégase leña que se ten amoreada no muíño ou, máis frecuente nos comunais, carozos que cada herdeiro trae nun saco para queimar esa mesma noite. O lume que se fai é máis ben baixo polo que non se precisa doutra instalación que dúas lousas, unha facendo de "lar" e outra por riba incrustada nos muros, frecuentemente unha vella moa, actuando de "tornafogos" para impedir o posible incendio da armazón da cuberta; o pouco fume producido vai escoando polas mesmas tellas sen necesidade dun oco de Aída. Estas rústicas lareiras aparecen melloradas en moitos muíños permitindo un máis efectivo desaloxo do fume e polo tanto a realización de maiores fogueiras. A "Cambota" ou campá aparece coma unha destas melloras, dende as máis pequenas e rudimentarias que evacúan cara a un buraco no muro, ata as máis grandes de cantería que contan incluso con cheminea.

A moblaxe.- No interior do muíño dispóñense unha serie de elementos que teñen por fin facer máis cómodo o interior, acomodándoo ás propias necesidades das persoas que o usan.

Os "bancos" son pezas que non faltan en case ningún muíño, en especial nos de maquia, adecuados para recibir xente. Poden ser de madeira ou de pedra e aparecen tanto no interior como no exterior a carón das portas.

A "arca", é un caixón de gran tamaño no que se vai botando o gran que se cobra por moer, para non ter que gardalo en sacos. As arcas son de boas táboas de carballo e levan tampa con pechadora. Elevadas do chan por mor da humidade sobre uns madeiros deitados, contan no seu interior cuns riscos que indican os ferrados de millo que gardan.

Máis raros son outros elementos como "estanterías", nas que se dispón a ferramenta do muíño cando non hai "alacenas" nos muros, ou "colgadores" onde se penduran os carapuchos e roupa de abrigo, "leitos" para durmir o muíneiro, etc.

Elementos complementarios

Son aqueles aparellos ausentes da maioría dos muíños pero que supoñen un considerable adianto naqueles que os teñen instalados. Por unha banda está a "burra", ou guindastre do muíño, e por outro están as "penetras" que dun xeito semi-manual ou totalmente mecánico, permiten obter unha fariña de máxima calidade xa no mesmo muíño. O seu movemento conséguese aproveitando o propio xiro da moa, ou dunha maneira máis curiosa, instalando un pequeno rodicio no inferno para servizo exclusivo das penetras. A fariña acabada de moer, que cae de seu ou é botada nelas, ao pasar a través dun fino entramado de arame queda limpa de bolos, lixos e calquera caste de impureza.

Arquitectura dos muíños IV: Infraestrutura externa

Se descartamos a infraestrutura da auga, fóra do muíño atopamos diversos elementos arquitectónicos destinados a facilitar o acceso á construción e tamén outros destinados a protexela.

Os accesos.- Algúns muíños aparecen situados a carón dos veiros que comunican as aldeas ou dan servizo a determinadas herdades, polo que o acceso a eles faise doadamente a través destas vías. Pero a maioría das veces a súa situación na marxe dos ríos dificulta grandemente a súa accesibilidade, e para chegar a eles precísase a realización dunha serie de obras destinadas a crear un paso en condicións.

Entre os camiños máis comúns que dan acceso á construción está a "corredoiro" ou camiño de carro. A presenza do carro no muíño é necesaria en especial durante a construción e tamén con posterioridade para cambiar as pedras ou, nalgúns de maquina, para transportar un gran volume de moenda destinado aos almacéns. Estas corredoiras, que poden ser terreñas ou enlousadas, cubren en ocasións grandes distancias e, partindo da rede viaria, van serpeando por terreo empinado para morreren nas inmediacións do muíño.

Como polo regular as corredoiras dan bastantes rodeos para evitar as fortes pendentes, os "camiños" xorden como un xeito de atallo, que permite un acceso máis rápido a persoas e animais que son os verdadeiros portadores de produto. Os camiños poder ir igualmente empedrados ou limitarse a pequenos "carreiros" que conduce ata a mesma porta.

Outra das dificultades que adoita estar presente ao acceso aos muíños é o paso das canles de auga, en especial nos de maquia que buscan clientes de banda oposta. Os ríos crúzanse en ocasións polas pontes xa existentes senón están moi afastadas, polos vaos na temporada seca, por riba da ceña ou mesmo en barca levando ao muiñeiro prestaba este servizo. Sen embargo a solución arquitectónica máis empregada para dar paso aos muíños son as "pontellas" ou pontes sen arcos. Sinxelas construcións normalmente de pedra, feitas a base de lousas apoiadas sobre esteos que, segundo a súa anchura, podían permitir ou non o paso dos carros. As pontellas, debido á súa simple arquitectura, non se elevan moito sobre o nivel das augas e tampouco soportan grandes enchentes, polo que o seu uso queda restrinxido as canles de pequeno e medio caudal. Nos grandes ríos a solución máis adoptada son os "pasais" ou "pasadoiros", grandes pedras planas por riba, colocadas en ringleira nunha zona pouco fonda a escasa distancia entre si, de forma que no verán sobresaen das augas permitindo que as persoas atravesen o río brincando sobre elas.

A protección.- Moitos muíños sitúanse nun meandro protexido para evitar que as riadas invernales os boten abaixo

O "tornamontes" é un potente muro feito a base de grandes pedras que resgardan a construción polo lado contra corrente e tamén en ocasión polo paralelo ao río. O seu espesor non é nunca inferior a 1 metro e levántase ata a altura da cuberta. O tornamontes que vai perfectamente separado das paredes do muíño, conta polo regular cunha abertura inferior para o paso da canle ao interior do conxunto. Outros elementos de protección son por veces a mesma ceña, que se fai esguellada ao contrario, para que desvíe a forzas das augas cara á banda apostada do río. Tamén as moreas de pedras de río, ou a frondosa vexetación de ribeira pode actuar como parapeto contra o ímpeto das augas.

Escolas abertas

Muíño en "Pozo Negro"
(Cotobade)

O transporte de pedra facíase ao carreto, é dicir, facendo un chamamento para que cada casa acudera co seu carro ás tradicionais canteiras ou ás mesmas ribeiras do río para un carrexo comunal. Os muros érguíanse rapidamente, e as distintas pezas do mecanismo íanselle encargando a persoas especializadas: carpinteiros, ferreiros, compostores e canteiros. Tanto canteiros coma compostores eran tamén os encargados dun dos máis delicados traballos de construción: a elaboración das pedras.



Coloquio co alumnado traballador do obradoiro de emprego "Vila do Corpus" de Ponteareas sobre recuperación do patrimonio

"Antes, alí non se vía nada,
agora hai unha fonte"

Obravedora

Silvana, Claudio, Aurora,
M^a Carmen e Sabela nun
momento da charla



O persoal técnico da Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo mantivo un coloquio co alumnado traballador do Obradoiro de Emprego "Vila do Corpus" de Ponteareas sobre a necesidade da recuperación do patrimonio e a posta en uso dos recursos culturais e naturais dos concellos.

Por parte do obradoiro de emprego participaron na charla Sabela Reboreda e Aurora Caride da especialidade de albanelería, M^a Carmen Aguado de medio ambiente e Claudio Martín de electricidade-fontanería. Os/as técnicos/as da Unidade de Promoción e Desenvolvemento que falaram cos alumnos foron Silvana Martínez e Xulio López.

UPD: Credes que é importante a rehabilitación das Escolas Unitarias?

Claudio: Si que importante, xa que unha vez que algo se rehabilita ten un uso e unha vez que ten un uso se lle pode dar un bo proveito.

UPD: Cantas escolas estades agora rehabilitando?

Claudio: Dúas.

UPD: Qué uso se lle vai dar as escolas unha vez estean rehabilitadas?

Claudio: Teño entendido que van ser utilizadas polas asociacións veciñais das parroquias onde están as escolas.

UPD: Que traballo estades facendo agora nas escolas?

Sabela: Nós agora na escola unitaria da parroquia de Cumiar estamos rematando os retoques. Fíxose de todo. As paredes, as cámaras, as divisións dos baños, os enfoscados, o pintado exterior. Colocouse piso con plaqueta e azulexo. Tamén colocouse o falso teito. Dentro xa soamente queda pintar. Fóra revestimos os piares, as escaleiras e estivemos encintando as xuntas do ferrogres.

M^a Carmen: O que estamos a facer nós no xardín é rehabilitar os arredores da escola. Estamos montando agora o rego, os aspersores, etcétera. Estivemos tamén limpando unha zona que ardera o ano pasado nos arredores do Castelo de Sobroso. Imos plantar alí especies como o carballo e plantas autóctonas de aquí.

Claudio: Na escola de Cumiar a fontanaría xa está rematada. En electricidade falta conectar o cadro xeral e o cadro de contadores. Xa están as acometidas feitas e estamos colocando as liñas de terra. En fontanaría o que fixemos foi as fosas asépticas e toda a instalación. Xa queda pouco, pero estamos a expensas de que rematen as demais especialidades.

UPD: En que situación estaban as escolas unitarias cando comezastes a traballar?

Claudio: Houbo que tirar todo. Só quedou o esqueleto do edificio. Quedaron uns piares de ferro e unhas placas no tellado.

Aurora: O resto o fixemos todo, enteiro.

UPD: A que función se estaba destinando o edificio da escola unitaria?

Sabela: Creo que estaba abandonada, porque de feito querían que a tiramos nós, aínda que ao final non o fixemos xa que non tínhamos experiencia e igual nos caía enriba. O único que queda despois da obra, é a base que era de pedra.

UPD: Que opinan os veciños da parroquia de Cumiar do traballo que estades a desenvolver nas antigas escolas?

Sabela: Sempre veñen pedir que fagamos algunha cousa no edificio, ou que cambiemos algo.

UPD: Logo están bastante involucrados?

Sabela: Ultimamente. O que pasa que en vez de dicir as cousas ao principio, veñen agora que a obra xa está practicamente rematada. De feito querían que fixeramos unha oficina pegada ao edificio da escola, pero non a faremos porque queda mal como eles queren. A faremos dentro e con pladur.

Obra quedolra

*Aurora e Claudio
atendendo a conversa*



UPD: E como se atopaban os arredores da escola de Cumiar?

Mª Carmen: Non había nada, estaba todo abandonado. Estamos poñendo todo nós. Atopamos unha fonte que estaba soterrada entre as silvas. A destapamos e puxemos ao redor unha valla e un muro de pedra. Antes alí non se vía nada e agora hai unha fonte.

UPD: Unha vez rematada a obra, pensades que os veciños da parroquia van coidar e conservar a obra realizada na escola?

Aurora: Eu penso que a asociación de veciños da parroquia de Cumiar terase que encargar de coidar aquilo porque senón sería tempo, cartos e traballo perdido. Eu supoño que cando nos vaiamos de alí, eles se encargarán de limpar e manter todo iso.

UPD: Para os edificios que van ter unha función pública ou social, que pensades que é mellor, facer un edificio de nova planta ou recuperar un que xa está e que non ten uso?

Aurora: Eu penso que é mellor recuperar.

Mª Carmen: Depende do estado no que estea. Se está moi deteriorado ao mellor non paga a pena recuperalo. E tamén depende do uso que se lle vaia dar.

Aurora: O que estamos a facer nós en Cumiar, excepto a fonte, é máis construción que recuperación, porque estaba todo tan deruído que houbo que facer case que todo novo.

UPD: Dádevos conta que vos estades baseando nunha construción que xa existía, e que tanto a estrutura como os materiais fundamentanse na edificación primaria...

Sabela: Na escola de Cumiar, practicamente so aproveitamos as pedras dun muro para unhas escaleiras.

Claudio: A edificación era practicamente toda de ladrillo.

Aurora: No caso da escola unitaria da

parroquia de Santiago de Oliveira que era de pedra penso que si que houbo recuperación de patrimonio. Porque era unha escola moi antiga e preciosa. Está a casa do profesor e a carón a escola coa aula e a cheminea. A min ata me da mágoa de que iso non siga sendo un colexio. Ademais era unha construción moi ben pensada. Tiña despensa ventilada. Pensando so na arquitectura do edificio eu quedei asombrada. Aí si que vai haber recuperación, porque vai quedar todo. Nós alí so imos instalar os baños e facer as divisións.

UPD: De que ano era cada construción?

Sabela: A escola unitaria de Cumiar non sei. A de Santiago de Oliveira díxéronnos que era dos anos 50.

UPD: Gustaríavos seguir traballando na recuperación de edificios?

Aurora: A min si.

Sabela: A cuestión é que alguén nos contrate polo feito de ser muller. Eu o vexo difícil. Que contraten mulleres no sector da construción é complexo. Xa polos propios compañeiros ou mesmo pola propia sociedade. Se lle dis a alguén que estás a traballar de albanel, che di se o que fas é facer a masa porque para outra cousa non vales...

Mª Carmen: Danse pasiños pero moi curtos á hora de que as mulleres traballen en sectores masculinos.

Claudio: Na nosa especialidade de Fontanaría-Electricidade somos seis mulleres e cinco homes e o traballo faise ameno de todo. Levámonos todos fantásticamente ben. E o que aportan os homes non exclúe o que aportan as mulleres. Elas, por exemplo, son máis organizadas que nós. Penso que unha empresa que funciona con homes e mulleres e sempre mellor que unha empresa que funciona so con homes ou outra que funciona so con mulleres. E non se pode dividir, senón que hai que mesturar para un mesmo traballo aos homes e as mulleres.

Sabela: Eu collo sacos de cemento. Estivemos tres mulleres durante dúas semanas montando e desmontando estadas e non nos caeron os aneis facendo iso. Pero ás veces escoitas comentarios dos propios compañeiros...

UPD: *Iríades pedir traballo a unha empresa de construción?*

Aurora: Eu penso que o problema é o dos horarios polos nenos. O home non se preocupa desto no momento de pedir traballo. O bo que ten o horario do obradoiro e que o podes compaxinar con outras labores do fogar ou coa atención aos nenos ou as persoas maiores. Por iso ás mulleres bótanos para tras o ir pedir traballo no sector da construción, que tes que estar mañá e tarde.

Claudio: Ademais a conciliación laboral de que tanto fala o goberno penso que é unha utopía. Se tes un problema destas características a empresa non quere saber nada.

Mª Carmen: O pintan moi bonito, pero a realidade non se axusta ao que se di.

UPD: *Xurdiuvos algunha oferta de emprego durante a vosa estancia no obradoiro?*

Claudio: Poñen nos taboleiros todas as ofertas que hai.

UPD: *E ides buscar traballo por esa vía?*

M Carmen: Eu o teño pensado, porque a min gústame moito a xardinaría e todo o relacionado co medio ambiente. No meu caso, non creo que teña problema para atopar emprego como traballadora forestal porque é unha profesión moi dura e non todo o mundo está disposto a ir para ela.

Sabela: Eu bou traballar en piscinas, co que non cambio moito con respecto a actividade que desenvolvo aquí. Tamén hai que ver en que posto ou categoría nos collen, porque oficiais de primeira non somos pero simplemente albaneis tampouco.

Aurora: Eu penso que volverei traballar en cociñas, porque dubido moito que me

saia algo no sector da construción. Tamén penso que con esta base, se fixera un curso de especialización en alicatados ou en pintura, igual tería máis posibilidades de traballar nesta especialidade. Aínda que os cursos aquí xa son moi completos. Penso que debería haber unha bolsa de traballo unha vez remataramos aquí, porque tamén se empregan moitos cartos en que nós teñamos unha formación e nós tamén facemos un esforzo en aprender.

Claudio: Se aparece algo na especialidade que estou facendo si collería o traballo, senón terei que adaptarme ao que veña.

UPD: *Xa sabedes que existe unha formación complementaria que é busca de emprego, está tamén o servizo galego de colocación e o concello ten orientadores laborais. Hai figuras profesionais que os seguen apoiando unha vez rematedes o proxecto.*

Aurora: Si, pero aínda así creo que é importante que haxa unha bolsa de emprego, porque permitiríanos ter unha continuidade con respecto a formación que xa comezamos aquí.

UPD: *Que pensades que teñen que mellorar os obradoiros?*

Claudio: Penso que ten que ser un pouco máis longo, porque así probablemente sairías mellor formado.

Aurora: O temario é moi amplo e ás veces damos todo moi por enriba.

UPD: *Credes que os traballos que realizou o obradoiro responden ás necesidades do concello?*

Aurora: Eu penso que o obradoiro está ben enfocado, pero que poderían facerse outras cousas sobre todo na especialidade de medio ambiente: recuperar o entorno do río, desenvolver rotas de sendeirismo, etcétera.

Mª Carmen: Tamén poderían recuperar-se áreas queimadas.

Obraguedora

A UPD falou co alumnado traballador do obradoiro de emprego "Fonte Gaiteira" de Catoira sobre desenvolvemento sostible

Obratedobra

“É necesario recuperar o patrimonio pero é case máis importante aínda conservalo”

Alumnas traballadoras do Obradoiro de Emprego "Fonte Gaiteira" de Catoira charlaron con técnicos/as da UPD da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo sobre a posta en valor de recursos naturais e desenvolvemento sostible.

As alumnas traballadoras que estiveron nesta charla foron Pilucha Lorenzo e Viti Fraga da especialidade de carpintería, Milita García e Rosi Bouzas da especialidade de xardinería e Rosa Castiñeiras e Pilar Fabeiro da especialidade de albanelería. Moderaron o coloquio os/as técnicos/as da Unidade de Promoción e Desenvolvemento Xulio López e Ánxeles Romero.



Pilucha, Viti, Milita, Rosi e Rosa durante o transcurso do coloquio



Alumnas traballadoras do
Obradoiro de Emprego
"Fonte Gaiteira" no río
Catoira

UPD: ¿Que estades facendo no sitio de Fonte Gaiteira e no entorno dos ríos Catoira e San Cibrao?

Viti: Os da especialidade de carpintería estivemos facendo as papeleiras e estivemos traballando na ponte para o entorno de Fonte Gaiteira. No muíño traballamos en todo o que era de madeira: a porta, as trampiñas, tratamos os paus que agarran o tellado...

Pilucha: En San Cibrao e en Fonte Gaiteira estivemos facendo refuxios para contedores de residuos. Os carteis indicativos...

Milita: En Fonte Gaiteira os da especialidade de xardinería fixemos unha limpeza enorme porque estaba nun estado moi abandonado. Tamén realizamos un recheo pola beira do río, alí onde a auga se comera moitísimo por causa das enchentes que houbera o ano pasado. Axardinamos todo o entorno. Tamén limpamos a área recreativa de San Cibrao, que fora un lugar que tamén a auga devastara. Fixemos algunha plantación pola zona do paseo.

Rosi: Sobre todo limpamos e acondicionamos o río. Tivemos que retirar e colocar moitas pedras.

Rosa: A ponte romana de Fonte Gaiteira estaba chea de escombros e os da especialidade de albanelería tivemos que limpala e

reconstruíla. Levounos moito traballo porque coas riadas do ano pasado quedou en moi mal estado. No muíño traballamos no tellado e acondicionamos o que é o piso do muíño. Fixemos todo o paseo de pedra.

Pili: Tamén cimentamos como é debido a ponte de madeira. Traballamos nas dúas presas. Arranxamos as escaleiras que estaban a outra beira do río. Arranxamos o muro que estaba no contorno do muíño.

UPD: Onde atopastes maior dificultade cada unha, sempre dentro da vosa especialidade?

Rosa: Nas pedras. Mover as pedras custounos moito polo que pesaban algunhas.

Milita: Limpar todo levounos moitísimo traballo.

Rosi: Había moita maleza e escombros que trouxeron as riadas do ano pasado e tivemos que quitar ramas e troncos de árbores moi grandes que pesaban moito. O sitio de Fonte Gaiteira cambiou radicalmente de como estaba a como está agora grazas a nosa labor.

Pilucha: Para min o máis difícil foi o manexo das máquinas. Téñolle moito medo as máquinas. Non é medo exactamente e respecto. E agora máis, porque como xa tes máis práctica fíaste máis e iso pode ser perigoso.

Obravedora

Alumnas traballadoras do
Obradoiro de Emprego "Fonte
Gaiteira" de Catoira



Obradoiro

Viti: Eu en cambio o das máquinas o levo ben.

Rosa: É todo práctica. Ao principio coa formigoneira facían falta tres, agora ninguén ten problema.

UPD: Coa experiencia que adquiristes aquí e a formación que recibistes, pensades dedicarvos ao traballo que desenvolvedes no obradoiro nun futuro?

Pilucha: Si me sae algunha cousa si. Antes non tiña nin idea de carpintería e agora podería dedicarme a isto.

Milita: Para min a xardinería foi un esperar. Eu nunca pensei que me interesaría e agora si que penso que podería traballar nesta especialidade. Posiblemente si sae algo traballe de xardineira nun futuro.

Pilucha: Collen máis fácil a unha muller para xardinería que para albanelería ou carpintería.

Pilar: Condiciónanos moito o feito de ser muller e tamén a idade.

Milita: Eu penso que en xardinería o temos máis fácil.

Rosi: Quizás o maior problema é que aquí en Catoira non hai empresas nas que podamos exercer a nosa especialidade.

Milita: Ben, pero si non é en Catoira, noutros sitios como Vilagarcía hai empresas que contratan persoal de xardinería.

Pilucha: En xardinería tamén é máis fácil montar unha empresa porque non fai falta tanta inversión como para unha empresa de carpintería ou de construción.

UPD: Pensades que é importante a recuperación do patrimonio e de zonas verdes como o do entorno dos ríos Catoira e San Cibrao?

Milita: E importantísimo.

Pilucha: É necesario recuperalo pero é case máis importante aínda conservalo. Porque si so se coida o patrimonio de obradoiro en obradoiro tampouco conseguimos nada.

Pilar: Senón hai un mantemento de pouco serve o noso traballo.

Rosa: Gástanse un montón de cartos na recuperación e logo todo o feito pérdese.

Viti: Da un pouco de rabia que todo o traballo realizado non sirva para nada.

Rosi: Para os que somos de Catoira conservar a zona de Fonte Gaiteira é moi necesario porque alí fanse determinados festexos como o da "Festa da Solla" e ademais está no centro da vila.

"Sempre penso que hai moitas zonas en Catoira que non están explotadas suficientemente e que si se recuperaran poderíaselles dar un uso turístico"

Milita: Catoira é un pobo pequeno pero ten un patrimonio bastante importante. Debería haber varios obradoiros destinados a recuperar este patrimonio. Porque hai sitios en Catoira que son realmente preciosos. Pero xa se sabe o mantemento e a conservación destes lugares é moi custoso.

Pilucha: Sempre penso que hai moitas zonas en Catoira que non están explotadas suficientemente e que si se recuperaran poderíaselles dar un uso turístico.

UPD: Que opinan os veciños da labor que estades a facer?

Rosa: Hai de todo.

Pilucha: Os hai que din hai que bonito, e os que miran e logo critican.

Milita: Cando se fan este tipo de cousas sempre hai diversas opinións. O traballo ben feito o ve todo o mundo pero sempre se fala. Que si pasamos moito tempo aí, que si aquilo debía ir para alí...

Pilucha: Deberían ter en conta que a nós lévanos máis tempo porque estamos aprendendo.

Milita: Pero creo que á maioría da xente gústalle o traballo.

Rosa: O que noto é que a xente ten moi

mala impresión dos obradoiros. Pensan que non facemos nada.

Rosi: Hai algún que di: "sempre que paso por aí non os vexo facendo nada".

Milita: Eu penso que non falan mal só dos que traballan nos obradoiros, senón de todos os que traballan na Administración.

UPD: Cal é vosa percepción despois de ter pasado por un obradoiro? Que vantaxes e problemas lle vedes a un proxecto destas características?

Viti: Creo que debería haber unha maior organización. Xúntanse etapas de moito traballo con outras nas que non hai tanto.

Rosi: Creo que o plan de obra debería ser máis preciso, porque ás veces temos que repetir o mesmo traballo varias veces porque os nosos mesmos compañeiros nolo estragan cando fan a súa labor. Por outra banda, recibimos unha moi boa formación.

Milita: Apréndese moito.

UPD: Se houbera un novo obradoiro, que actuacións podería facer en Catoira?


Pilucha: Eu penso que podería recuperar toda a zona dos muíños, os parques...

Milita: A zona da lagoa. Que é unha antiga canteira que debería recuperarse. Ou a alameda de Abalo.

Rosi: Teñen que recuperar moito en todas as parroquias.

Obravedora

Alumna traballadora
no muíño situado no
lugar de Fonte
Gaiteira en Catoira



Posta en valor do patrimonio molinar. O caso galego

José María Leal Bóveda

Profesor de Secundaria e membro de ICOMOS-UNESCO

Apuntamentos

Existen considerables e poderosas razóns educativas, económicas e sociais para proceder á catalogación, en principio, dos muíños. Entre elas podemos citar as seguintes: revitaliza a identidade cultural local, relanza a actividade turística local coa conseguinte creación de emprego en forma de hostalaría, gastronomía, guías, etc., fixa no campo poboación rural e novo detendo o alarmante éxodo rural das nosas aldeas, diversifica os sectores produtivos locais con novas actividades relacionadas co turismo (artesanía, viños, produtos do mar e da terra, etc.), contribúe á preservación, recuperación e conservación do medio natural e cultural, axuda na idea de conseguir un desenvolvemento sostible e respectuoso co medio, etc.

Por se aínda non fose suficiente o anterior, seguimos crendo que existen poderosas razóns para a recuperación e posta en valor do patrimonio molinar catalogado a través de programas de formación e emprego. Así

temos que: relacionan o alumnado co seu ámbito máis inmediato, logo fano máis comprometido coa súa conservación ao aumentar o coñecemento, respecto e estima por el, na que non só aprenderán un oficio, coa posterior inserción profesional, senón que paralelamente estarán a actuar sobre a recuperación patrimonial molinar ou doutro tipo, fomentan actuacións de conservación e transmisión a outros grupos foráneos e xeracións vindeiras, achegan unha valoración máis grande e obxectiva, non endogámica, do propio en relación con outros bens culturais ou patrimoniais, serven de base para a consecución de programas europeos de desenvolvemento local : Leader, Leader +, Proder, Mapa, etc.

A restauración molinar en Galicia. Formación ocupacional (2002-2006)

Do exposto atrevémonos a afirmar que a formación ocupacional é unha ferramenta moi axeitada en todo o que teña que ver coa restauración do patrimonio molinar. Como é ben sabido, é unha fórmula mixta de formación e emprego que na actualidade xestionan as comunidades autónomas con fondos procedentes da Unión Europea. Actúase sobre obras de titularidade pública, en principio, aínda que tamén podería ser privada se os seus propietarios ceden a titularidade por un período de máis de 25 anos sempre e cando o elemento restaurado se destine a un uso social. Estes programas posibilitan a capacitación e inserción laboral dos alumnos e contribúen de forma decisiva á recuperación e conservación de elementos patrimoniais relevantes dos concellos ou doutras entidades promotoras.

Turistas na ferrería de Teixois (Taramundi)



*Anuncio do complexo de
Teixois (Taramundi)*

Promóvense, esencialmente, por corporacións locais logo de análise de demandas laborais do seu ámbito administrativo, aínda que tamén poden ser obra de deputacións, mancomunidades de concellos, entidades de iniciativa social, etc. Os elementos cos que se actúa son, basicamente, as escolas obradoiro casas de oficios e obradoiros de emprego. Destínanse a aqueles colectivos de difícil inserción ou reinserción laboral: menores de 25 anos, mulleres, maiores de 25, desempregados de longa duración, minusválidos, etc., duran entre un ano e ano e medio. Nestes programas, ademais, da formación específica na profesión (cantaría, albanelaría, xardinaría, electricidade, fontanaría, carpintaría, etc.) inclúese traballo sobre obra e formación en actividades que complementen a anterior (informática, debuxo, orientación laboral, seguridade e hixiene no traballo, etc.). Ademais disto, ofrécese clases extraordinarias para a obtención de titulación escolar. A formación complementábase cun salario achegado polos fondos europeos aludidos e xestionados polas diferentes consellarías da autonomía.

Con todo, en Galicia entre 2002-2006, a Xunta de Galicia puxo en marcha 450 proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego. Deles, 30 tiñan como obxectivo, entre outros, a restauración do patrimonio relacionado coa auga (rutas de auga, muíños, mazos hidráulicos, etc.) ou o pan (fornos, hórreos, etc.) e 22 facían referencia exclusivamente a muíños de auga de río. Nese período formáranse nalgunha especialidade laboral unhas 8.000 persoas de diferentes idades e sexo e conseguiran a súa inserción ou reinserción laboral entre un 59%



e 77% de homes e un 46% e 59% de mulleres. Ademais diso conseguíronse restaurar na súa plenitude todos os muíños mencionados anteriormente .

A necesidade da posta en valor do patrimonio restaurado

Pois ben, se ben é necesario recoñecer este esforzo investidor en formación e recuperación patrimonial, mantemos que non se cumpren todas as expectativas necesarias para a posta en valor do patrimonio recuperado. Así, polo xeral, ao remate dos proxectos aos muíños e outras construcións non se lles extrae todo o seu potencial de xeración de recursos endóxeos. É frecuente, neste sentido, que permanezan pechados ou o seu papel se reduza ao de servir de visita de domingo da comunidade na que se asentan, cando as condicións climatolóxicas o permiten. Por veces, os profesores e nenos dos colexios próximos centran neles as súas miradas pero o certo é que non son postos no mercado como un valor de uso en forma de museos ou centros de interpretación permanente que atraia poboación turística. Entendidas así as obras de restauración do patrimonio, non deixan de ser unha plataforma de alcaldes e políticos, en xeral, que ven nestes proxectos unha forma máis de consecución de votos.

Apuntamentos

Muíño do Con. Ruta dos Muíños
en Barrantes (Rimbadumia)



Apuntamentos

É necesario, pois, na nosa opinión transcender o mero feito restaurador e darlles o carácter de centro xerador de recursos en forma de museos, centros de interpretación do feito molinar. Para iso, unha vez lograda a parte museográfica coa restauración, débese proxectar a museolóxica ou forma na que expoñer e transmitir toda a información amoreada alí. Proponemos neste sentido, que nos muíños se acumule todo o saber sobre as tarefas do campo e da moenda en forma de fotos, apeiros, documentos visuais, sonoros, etc., pero ao mesmo tempo que se transmita aos visitantes dunha forma permanente e axeitada. É necesario que se conecte cos turoperadores, se publicite o produto e que, ademais, o visitante poida acceder, non só a ese coñecemento descrito se non tamén, aos produtos e cultivos da zona vendidos no muíño-museo, atractivos xeográficos, históricos, naturais, gastronómicos, artesanais, patrimoniais, etc., no que denominaremos oferta global. Por outra banda, o muíño-museo debe ser un centro de interacción entre o que visita e o que nel se expoña. A moenda non só debe ser explicada por técnica museística, debe ser vivida e participada ao mesmo tempo polo visitante. Do mesmo modo, deberá estar presente todo aquilo que teña que ver coa obtención do pan, é dicir a plantación do cereal, os coidados posteriores, a recollida, a malla, o almacenamento, a conversión en fariña e a transformación no produto final; o pan. Do mesmo modo, deberemos interrelacionar esta cultura exposta con aquelas outras

manifestacións patrimoniais susceptibles de poñer en valor de uso.

Así, a paisaxe ha de adquirir un papel predominante neste modelo expositivo patrimonial posto que nel se integran tanto as construcións de que falamos como os usos e costumes sociais que as posibilitaron. Obviar a paisaxe é ocultar a historia pasada e actual das sociedades as manifestacións materiais e inmateriais das cales queremos transmitir. Neste sentido Criado (1995) apunta o seguinte: "a paisaxe é un produto socio-cultural creado pola obxectivación sobre o medio e en termos espaciais dá acción social tanto de carácter material coma imaxinaria ou que implica que na configuración dous espazos están involucradas tanto prácticas sociais (intencionais) como a propia vida social en si mesma (prácticas non intencionais)". A paisaxe, cada día máis humanizado, convértese como produto social no soporte de rexistros materiais e inmateriais moi vallosos que deben ser transmitidos nos espazos culturais que ocupan a nosa atención.

Con todo, a nosa noción de museo transcende da mera adquisición e acumulación de obxectos á súa explotación máxima. A obra do home concíbese aquí, non como o seu produto illado senón como integrante e expoñente da actividade de todos, producíndose un diálogo entre a obra e o espectador. Consideramos, pois, ao museo

como un ser vivo adaptado continuamente ao medio social, exercendo unha actividade de autocrítica ante a sociedade que é a consumidora do museo. Neste sentido, as obras, pezas, documentos, etc. a expoñer deben ser elixidas integramente pola comunidade facedora destas, co que se logra a democratización do feito cultural, cuestión moi afastada aos criterios cos que se catalogan nas distintas leis do patrimonio os obxectos museables. O museo, así concibido, é contemplado, vivido e comprendido por todos e convértese nunha ferramenta crítica na que se xuntan a ética e a estética das sociedades.

Segundo Turrent, os museos comunitarios e os ecomuseos propoñen non só o coñecemento do público e o seu estudo, senón a participación deste no seu desenvolvemento e xestión. Sería, así, a comunidade ou a sociedade civil mesma, a que mediante diálogo, traballase co especialista propoñendo solucións para a súa expresión propia. Neste sentido, o museólogo español Luis Fernández considera que actualmente "un museo é unha institución chamada a ser o centro da vida cultural do mañá, a partir da conservación dun patrimonio volto ser vivo e non enfermo en mausoleos inaccesibles para a maioría".

Finalmente, a concepción do museo como centro cultural vivo dinamizou practicamente case todos os esforzos realizados nos vinte e cinco ou trinta últimos anos do século XX na súa modernización tecnolóxica e sociocultural. Un centro cultural vivo ao servizo de todos, que defende a chamada nova museoloxía, e que provén dunha situación especialmente sensible á misión e funcións do museo dende a segunda posguerra mundial (L. Fernández).

"Gústelles ou non", advirte K. Hudson, "na actualidade todos os museos sexan do tipo que sexan, son, en maior ou menor medida, museos de historia social, no sentido de que todo o que posúen ou expoñen ten implicacións sociais... ". Este mesmo autor escribiu en 1987: "creo que é enteiramente posible que o día do museo etnográfico chegou xa e que, nos anos que veñen, os hábitos do

home serán presentados dentro dun total ámbito contextual".

En definitiva, pretendemos a transmisión dunha oferta global, como queda indicado, que dinamice e diversifique a economía local. Así, cremos, cumprir con todos os obxectivos que sinalabamos ao principio destas letras. Por último, debe guiarnos en todo o proceso un escrupuloso respecto polo medio de forma que poidamos facer sostible o binomio desenvolvemento e medio .

Planificación do territorio e turismo. Exemplos de posta en valor do patrimonio da auga

Como quedou apuntado anteriormente, grazas aos programas de formación e emprego, en Galicia restauráronse grande número de construcións que teñen que ver co uso da auga, pero desgraciadamente, o proceso de posta en valor non se levou a cabo. Exemplo paradigmático do dito poderíamos telo nos tres obradoiros de emprego xerados na Mancomunidade de Municipios do Salnés que se destinaron, basicamente á recuperación dos muiños da zona e das ribeiras de ríos (na actualidade xa está en funcionamento un cuarto financiado pola Deputación de Pontevedra). Hoxe, permanecen pechados a excepción dos domingos en que son visitados por quen desexe, por algún colexio ou na festa do pan que se celebra en días de verán.



Museo do Tecido. Parque
temático do río Arnoia (Allariz)

Apuntamentos

Mentres tanto, os grupos de turistas que chegan en boa medida ao núcleo de Cambados, logo de realizar a oportuna compra de viño ou visitar o seu caso histórico, descansan nas ribeiras de Fefiñáns, á espera de que o seu autobús os devolva ao hotel de residencia. Parece ser que ninguén se decatou de que estes tempos mortos poderían ser aproveitados para visitar o complexo de muiños de Barrantes, situado a uns catro quilómetros. A oferta turística de praia, marisco e viño podería verse ampliada coa etnográfica, se neses muiños existise un que funcionase como: punto de acollida de visitantes, centro de interpretación do feito molinar, lugar de venda de produtos da zona, oficina de información que divulgase os atractivos da bisbarra (o mosteiro da Armenteira, berce do cister galego, entre outras xoias), etc.

Entendida así a restauración do patrimonio pouco sentido adquire.

Pero non todo é negrura neste panorama de modo que existen numerosos e ben planificados exemplos que nos dan a razón neste sentido, véxanse os casos de Taramundi (Asturias) ou Allariz, Guitiriz, e O Carballiño, Pontenova, Lugo (Galicia), entre outros.

Neste contexto, debido á aparición destas novas realidades turísticas xorde a necesidade de abordar problemas relacionados co desenvolvemento da actividade no referente a impactos ambientais, reorganización de áreas turísticas saturadas, estudo de novos espazos turísticos no medio natural e rural, novas prácticas turísticas e de ocio e outros aspectos similares.

A actividade turística e de ocio formula a necesidade de investigacións acerca dos recursos dispoñibles, potencial recreativo, planificación sostible de procesos de desenvolvemento de espazos turísticos, conservación de espazos naturais, xestión da calidade ambiental, xunto a outros aspectos fundamentais.

É unha realidade a integración crecente da actividade turística dentro dos plans estratéxicos de desenvolvemento rexional e

local que están a supoñer a inserción do turismo na estrutura territorial e social na que se encadra. Exemplos desta integración abundan tanto en España coma en Europa e todos supuxeron, en xeral, a adecuación do territorio a usos turísticos mediando unha actividade planificadora, deseñando e poñendo en práctica estratexias de actuación e mediando na maioría dos casos a obtención de axudas das distintas administracións.

A planificación do territorio, dende o punto de vista turístico supón, entre outras actuacións, as seguintes:

- Elaboración e desenvolvemento de técnicas de xestión ambiental referidas ao territorio obxecto da actuación.
- Avaliación e seguimento do impacto ambiental.
- Estudio e análise da capacidade de carga e acollida.
- Realización de auditorías ambientais.
- Normativa de protección de áreas determinadas.
- Utilización de instrumentos apropiados para a xestión e control de aspectos como: consumo e evacuación de augas, tratamentos de lixos e escouras, implantación de prezos e/ou taxas para usos turísticos dalgúns bens escasos que contribúan a reducir a súa demanda.
- Xestión da paisaxe por medio de normas urbanísticas respectuosas co ámbito.
- Deseño de plans de actuación para o aproveitamento turístico con indicación de actividades, tipos de establecementos requiridos, plans de promoción, servizos complementarios, nivel de formación requirido e outras indicacións similares.

Por conseguinte, pódese concluír, que analizando todos os casos que dalgunha forma teñen éxito, poñen de manifesto que a restauración do patrimonio xera riqueza e que pouco sentido ten restaurar por restaurar se non se acomodan medidas de desenvolvemento endógeno, tal e como vimos.

A importancia da ordenación do territorio

Ángeles Romero Bello

*Xeógrafa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo*

A necesidade de ordenar o territorio non é algo novo nin exclusivo do noso tempo; ao longo da historia as distintas sociedades foron creando distintas estruturas territoriais.

A ordenación do territorio é unha disciplina novedosa, con forte auxe en gran parte do mundo, independente do urbanismo, e adicada á ocupación racional do territorio.

A preocupación pola ordenación do territorio acentúase tanto en España como en outros países desenvolvidos, a partir dos anos 50 e irase regulamentando nas últimas dúas décadas; neste período refórzanse as teorías orientadas a lograr un desenvolvemento socioeconómico e territorial harmónico, teorías que hoxe se formulan en termos de desenvolvemento sostible.

Existen múltiples definicións para a Ordenación do Territorio, a Carta Europea de Ordenación do Territorio (1983) definiuna como "La expresión espacial de la política Económica, Social, Cultural y Ecológica de toda sociedad". Entre os obxectivos fundamentais da política territorial están:

Desenvolvemento socioeconómico e equilibrado das rexións, coa clara tendencia a eliminar as grandes diferenzas nos niveis de vida.

Mellora da Calidade de vida, facilitando unha maior accesibilidade ao uso dos servizos e infraestruturas públicas e do patrimonio natural e cultural.

Xestión responsable dos recursos naturais

e a protección do medio natural que faga compatible a satisfacción das necesidades crecentes de recursos e a súa conservación.

Utilización racional e equilibrada do territorio definindo usos aceptables a potenciar para cada tipo de solo, creando as adecuadas redes de infraestruturas e incluso fomentando aquelas actuacións que mellor persigan o fortalecementos do espírito comunitario.

O territorio galego

Nas últimas décadas o modelo tradicional de asentamentos da poboación de Galicia esta a trocar por un modelo de ocupación indiscriminada do territorio derivado do interese desmedido da propiedade inmobiliaria, falta de planeamento urbanístico, consentimento ante a construción de obras sen criterios de calidade e de estética caldo de cultivo para que aparecese o denominado feísmo ; dende a administración débese reivindicar o valor da arquitectura, velar polo cumprimento das normas de planeamento e adoptar medidas que artellen o territorio en función dos recursos e das necesidades de poboación.

Apuntamentos

Dende a administración débese reivindicar o valor da arquitectura, velar polo cumprimento das normas de planeamento e adoptar medidas que artellen o territorio en función dos recursos e das necesidades da poboación

Asentamentos

Este modelo de crecemento non é compatible co desenvolvemento equilibrado e sostible e está a causar graves prexuízos económicos, sociais e ambientais; como os elevados custos para a prestación de servizos públicos e a construción de infraestruturas nun rural onde os asentamentos están cada vez máis illados provocando segregación social e espacial, contaminación, abandono de actividades tradicionais na agricultura e na gandaría, degradación do patrimonio cultural...

Novo modelo do territorio

O novo modelo de ordenación do territorio galego debe minorar ou acurtar os desequilibrios que se están a producir de xeito alarmante; para poder desenvolver unha organización territorial apropiada e levar a cabo o desenvolvemento sustentable.

Para o bo goberno do territorio é de suma importancia a lexislación. É preciso ampliar e mellorar a lexislación de protección ambiental, ordenación do territorio e urbanismo pero

O novo modelo de ordenación do territorio galego debe minorar os desequilibrios que se están a producir de xeito alarmante para desenvolver unha organización territorial apropiada

primeiro cómpre garantir o cumprimento da lexislación existente xa que o grao de incumprimento da lexislación de protección ambiental e do patrimonio do noso país é moi alto.

A nova lei de ordenación do territorio debe estar fundamentada nos valores sociais, ambientais e culturais do territorio galego debendo delimitar o que se pode facer e onde.

O Territorio reclama un marco lexislativo básico para poder abordar unha correcta ordenación, quizais o erro en que caen as

normativas e o de entender o territorio galego como un todo uniforme; o territorio non é uniforme, polo que debe ser tratado de xeito individual, débese analizar cada espazo por separado para coñecer as súas potencialidades e debilidades para tratar mellor a súa problemática; territorios diferentes deben ter regulamentacións diferentes.



Casa no Piorno (Lugo)

O rural, fortemente distorsionado polo crecemento incontrolado das vivendas, debe deter o aniquilamento no que está inmerso para iniciar o seu desenvolvemento sustentable

A existencia de territorios netamente urbanos e territorios marcadamente rurais, lévanos a tratalos de xeito diferente.

O crecemento urbano segue sendo necesario, pero debe atender ás necesidades da poboación e respectar os requirimentos do desenvolvemento equilibrado e sostible, para non hipotecar o futuro das xeracións futuras; debemos minorizar os impactos deste crecemento e apostar pola rexeneración das cidades e vilas existentes.

O rural atópase fortemente distorsionado causa dun crecemento desordenado e incontrolado das vivendas, debemos deter o aniquilamento no que está inmerso para que poida iniciar o seu propio desenvolvemento sostible.

Ademais de tratar os espazos e as súas problemáticas de xeito pormenorizado é necesario a formulación de estratexias de orde territorial máis ampla, que superen os límites locais, e que engloben a todo o territorio e a toda a sociedade creando a síntese perfecta entre o rural e o urbano conseguindo, así, un desenvolvemento territorial equilibrado.

Entendese que é necesario crear una cultura de ordenación do territorio onde se combine o mellor da cultura tradicional


adaptándose á modernidade, neste proceso debemos estar presentes todos os cidadáns para o que cómpre desenvolver estruturas de participación cidadá efectivas, que permitan aos colectivos sociais implicarse dende o inicio no desenvolvemento dos actuais e futuros procesos de ordenación do territorio.

Débese crear responsabilidade e concienciación nas persoas, pois a nosa vida non se pode entender sen territorio e o xeito que temos cada un de nós de relacionarnos co territorio definirá en grande medida o noso futuro, polo que cómpre concienciar-nos da súa vital importancia e exercer a nosa relación con responsabilidade, pensando no ben colectivo.

Trátase, simplemente, de ordenar os espazos nos que vivimos, mellorar a calidade da ordenación urbanística de cara a favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural, garantindo o dereito constitucional a gozar dunha vivenda digna nun entorno de calidade.

Apuntamentos

Vista aérea da
cidade de Vigo



UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO



landra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego



UNIDADE DE PROMOCIÓN
E DESENVOLVEMENTO
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



FONDO SOCIAL
EUROPEO



REDE DE
TÉCNICOS
DE EMPREGO
DE GALICIA